

BONO TURÍSTICO



XUNTA DE GALICIA

GL

BONO TURÍSTICO

O Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 30 de abril de 2020 recolle, entre outras actuacións destinadas á reactivación do sector turístico, o establecemento de diferentes medidas encamiñadas a estimular o turismo interno, inxectar liquidez no sector e promover a súa recuperación nun momento de enorme dificultade derivado da crise sanitaria.

Entre estas accións, encóntrase o **BONO TURÍSTICO #QUEDAMOSENGALICIA**, unha iniciativa froito da colaboración da administración e o Clúster Turismo de Galicia para fomentar a actividade no sector turístico, que constitúe un dos ámbitos con maior afectación económica e de perda de emprego tras a pandemia.

CONSULTA DE ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS (ALOXAMENTOS E AXENCIAS DE VIAXES), OFERTAS E PAQUETES



Consulta aquí a listaxe de **establecementos** adheridos (aloxamentos e axencias de viaxe) ao programa do Bono Turístico.



Todas as **ofertas** que os establecementos adheridos poñen á túa disposición, podes consultalas aquí.



Consulta os **paquetes turísticos** que as axencias de viaxe te propoñen para gozar do Bono Turístico.



NOTA: As palabras marcadas en azul con subliñado teñen unha **ligazón** que remite a unha web coa información.

O **Bono Turístico** farase efectivo a través da entrega aos beneficiarios dunha tarxeta prepagamento de Abanca cun importe de **250,00 €** que poderán empregar nos establecementos ou produtos turísticos adheridos a este programa ata o **31 de maio de 2021**.

Quen o pode solicitar

As persoas empregadas públicas que:

- Teñan a condición de **empregado público do Sistema público de saúde de Galicia** tanto dependente da **Consellería de Sanidade** como do **Servizo Galego de Saúde** e as entidades públicas dependentes deste organismo, tamén o **persoal empregado público destinado nos centros residencias de maiores, discapacidade e menores** calquera que sexa a súa categoría laboral.
- Estivesen prestando servizos **dentro do período comprendido entre o 15 de marzo e o 15 de xuño de 2020**.

Recorde que para presentar a solicitude vai necesitar ou ben o certificado dixital ou estar rexistrado como usuario de [Chave365](#). Consulte [aquí](#) os sistemas de identificación e sinatura admitidos en Sede.



Como funciona

As persoas interesadas deberán presentar, a través da [Sede electrónica](#) unha **declaración de solicitude (ata o 10 de decembro de 2020)**, cuxos datos serán verificados para comprobar que a persoa solicitante cumpre cos requirimentos. Esta adhesión garante dispor dunha **tarxeta Abanca, cun saldo de 250,00 €**, para poder adquirir servizos ou produtos turísticos que oferten as **empresas adheridas**. As persoas beneficiarias poderán utilizar o saldo da súa tarxeta de forma total ou parcial, e tamén completar os pagamentos, de non ter saldo suficiente, con outras formas de pagamento admitidas polo establecemento turístico.

O Bono Turístico está operativo todos os días da semana, de luns a domingo.



Establecimientos adheridos

Os establecementos adheridos dispoñen dun **Terminal Punto de Venda (TPV)** para a realización da transacción de compra do servizo ou actividade turística a través da tarxeta moedeiro Bono Turístico #QuedamosEnGalicia.

Os establecementos adheridos poderán publicar **ofertas e promocións**, e tamén **paquetes turísticos** (neste caso só as axencias de viaxe), personalizadas para a campaña Bono Turístico #QuedamosEnGalicia.

Os **restaurantes** que estean dados de alta no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) poderán formar parte dun paquete turístico ofrecido a través dunha axencia de viaxes.



A tarxeta Bono Turístico de Abanca

Petición da tarxeta


Os beneficiarios confirmados disporán dunha tarxeta prepagamento Bono Turístico de Abanca cun saldo de 250,00 €. Para poder acceder á tarxeta non fai falta ser cliente da entidade, pero si será necesario que faga a correspondente solicitude na [Sede electrónica](#).

Recollida da tarxeta do Bono Turístico

Unha vez solicitado o bono na web da Xunta e o aceptases, recibirás un SMS coas instrucións para recollelo.

Activación da tarxeta do Bono Turístico

A persona titular dunha tarxeta Bono Turístico deberá activala na páxina <https://www.abanca.com/gl/promo/bono-turistico-xunta/>. Unha vez activada Abanca enviará ao beneficiario un SMS co PIN da tarxeta.



Consulta do saldo

Pódese consultar o saldo dispoñible do bono na web <https://www.damemisaldo.com/>.

Validez do bono

Poderase utilizar o bono ata o 31 de maio de 2021. No caso de non consumir os 250,00 € no período establecido, a persoa beneficiaria non poderá solicitar o reembolso e serán devoltos á Administración.

Para aclarar calquera dúbida, pódese chamar ao **900 815 859** en horario de 08:00 a 22:00 h de luns a venres, excepto festivos nacionais.

Abanca ten unha páxina de axuda: <https://www.abanca.com/gl/axuda/tarxetas/bono-turistico-xunta-de-galicia/>

NOTA:

O importe do Bono Turístico poderase usar para o pagamento dos servizos escollidos nos establecementos e/ou para as prestacións turísticas ofertadas polas empresas adheridas ao programa Bono Turístico.

A estes efectos pódese usar para o pagamento completo ou parcial de tales servizos, sen que exista un límite por establecemento ou servizo. As persoas beneficiarias só pagarán o custe dos servizos na contía que supere os 250,00 €, límite da tarxeta prepago.



CONSULTA DE ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS (ALOXAMENTOS E AXENCIAS DE VIAXES), OFERTAS E PAQUETES



Consulta aquí a listaxe de **establecementos** adheridos (aloxamentos e axencias de viaxe) ao programa do Bono Turístico.



Todas as **ofertas** que os establecementos adheridos poñen á túa disposición, podes consultalas aquí.



Consulta os **paquetes turísticos** que as axencias de viaxe te propoñen para gozar do Bono Turístico.



Clúster Turismo
de Galicia



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA